


As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos. A súa repercusión nos usos.

1. Funcións sociais da lingua

A función básica da lingua é a comunicación entre os membros da sociedade ou da comunidade que a comparte. Pero esa funcionalidade xeral concrétese, dependendo do nivel, do ámbito social e do contexto no que se empregue, nas seguintes funcións sociais:

- **función de identidade:** é aquela que realiza a lingua no marco interno do individuo, é dicir, aquela na que artella o seu pensamento;
- **función familiar:** é a función que desempeña unha lingua como elemento de relación no seo da familia;
- **función laboral:** é a función que desempeña unha lingua no mundo do traballo;
- **función local:** é aquela que exerce unha lingua cando serve de vehículo de comunicación entre as persoas do mesmo contorno cotián;
- **función institucional:** é aquela que desempeña unha lingua cando os cidadáns a empregan para se relacionaren coas institucións políticas e administrativas;
- **función cultural:** cumpre esta función cando os falantes se serven dela para expresar conceptos e mensaxes das artes e das ciencias, é dicir, cando empregan a súa lingua para satisfacer as súas necesidades culturais e transmitir as súas propias creacións;
- **función internacional:** cúmprea a lingua que é empregada non só polos seus falantes orixinarios senón tamén por individuos doutros países, que a aprenden como segunda lingua para se comunicaren con outras persoas doutras linguas.

As funcións sociais adoitan representarse no seguinte esquema:



2. Conflito e diglosia



Se reparamos na realidade lingüística mundial, o número de países monolingües é máis ben reducido. A situación lingüística predominante é a da convivencia de dúas ou máis linguas nun mesmo territorio. Esta situación de linguas en contacto pode deberse a múltiples causas; entre as máis comúns destacan:

- a) procesos de expansión e unificación política;
- b) presión cultural e económica;
- c) movementos migratorios.


Este contacto entre linguas devén normalmente en **conflito lingüístico**, unha disputa entre as linguas por acaparar e desempeñar todas as funcións sociais posibles nese territorio. As


solucións máis habituais neste casos son a **substitución lingüística**, cando unha das linguas termina por desaparecer, e a **normalización lingüística**, cando se busca unha convivencia e un uso equilibrado das dúas linguas.

No caso do galego, desde a época dos Reis Católicos produciuse unha imposición do castelán sobre o galego, que viu como foi perdendo funcións, en favor do castelán, e como foi relegándose ao ámbito familiar e privado.




Co paso do tempo, vaise instalando na sociedade a idea de que o castelán, lingua dos poderosos e dos usos elevados, é máis importante (**lingua A**) cá galega; e tamén a idea de que o galego, relegada á oralidade e ao ámbito familiar, é inferior (**lingua B**). Isto provocará na sociedade un **comportamento diglósico**, empregando unha lingua ou outra dependendo do contexto e do ámbito de uso.





3. Estereotipos e prexuízos lingüísticos. A súa repercusión nos usos.

As situacións de bilingüismo diglósico e conflito lingüístico están estreitamente relacionadas cos estereotipos e os prexuízos lingüístico. Os **estereotipos** (incultura, rudeza, escurantismo...) que as clases dominantes adoitan atribuír ás clases populares transmítense a través da escola, a prensa, etc.; as clases populares, moitas veces, acaban por asumilos como verdadeiros. Estas visións negativas das persoas trasládanse á lingua que empregan e orixinan **prexuízos lingüísticos** negativos que levan a rexeitar trazos lingüísticos (a gheada, o seseo) ou linguas enteiras, xerando nos falantes un **autodio**. En moitos casos, o resultado final é o abandono da lingua propia.



Na sociedade galega difundíronse estereotipos negativos que estigmatizaron o galego e sobrevaloraron o castelán. Entre eles destacan:

- o galego non ten gramática, é simple e incompleto, rudo, soa mal, non serve para as necesidades da vida moderna, íllanos da cultura universal e do mundo, encérranos na estreitez do mundo da aldea, só o falan os vellos ou os nacionalistas, é un idioma imposto e inventado;
- o castelán pola contra, é unha lingua completa, moderna, cosmopolita, soa ben e ábrenos as portas ao futuro, é a lingua da xente nova.

Non é difícil desmontar todos estes prexuízos con exemplos que demostran a súa falsidade: o galego tamén se fala nas cidades e entre a xente nova de todas as ideoloxías políticas; non é unha lingua imposta senón de consenso, pois todas as medidas de política lingüística foron aprobadas por unanimidade no Parlamento galego (LNL de 1983, PXNL de 2004); o galego tamén serve fóra de Galicia (ponnos en contacto cos millóns de falantes da lusofonía), etc., etc.